

**NORMATIVA QUE REGULA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NA  
UNIVERSIDADE DE VIGO, RECOÑECIDAS NOS PLANOS DE ESTUDIOS, POR  
PARTE DOS ALUMNOS/AS DA PROPIA UNIVERSIDADE**

O aumento do número de prazas para a realización de prácticas en empresas polos alumnos/as da Universidade de Vigo é un dos obxectivos fixados polos órganos de goberno da universidade ó ser tan demandado tanto polo alumnado coma pola propia sociedade.

O Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudos dos títulos universitarios que teñen carácter oficial e validez no territorio nacional, modificado polo Real Decreto 1267/1994 do 10 de xuño e recollido pola Normativa para a Libre Elección da propia Universidade de Vigo (Xunta de Goberno de 10-02-2000), establece os requisitos que deben de reunilos créditos de libre elección ou os optativos que realice o estudante para a flexible configuración do seu currículo.

A Universidade de Vigo (Uvigo), dedicada a actividades de docencia e investigación, ten a vontade de facilitarlles ó seu alumnado unha formación práctica que poderán realizar na propia institución, como entidade con capacidade de xeración de traballo, que lles permita ter unha alternativa complementaria á formación teórica con vistas a acadar unha mellor cualificación e unha futura adaptación á realidade social.

As direccións e decanatos dos centros da Universidade de Vigo están a colaborar dun xeito con este obxectivo, desenvolvendo programas de captación de empresas e xestionando as prácticas curriculares que o alumnado realicen nestas.

O Consello Social da Universidade ten, entre as súas funcións, a función de contribuír a perfeccionar e completa-la formación dos membros da comunidade universitaria. As condicións reguladas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, art. 15, permiten encomendarlle ó Consello Social da universidade a xestión da convocatoria das prácticas en empresas na universidade que se realizará consonte ás seguintes bases:

#### PRIMEIRA:OBXECTO

A Universidade de Vigo reconece como créditos de libre elección, mesmo coma créditos optativos ou obrigatorios da universidade, segundo contemple o plano de estudos de cada titulación que se imparte, as prácticas en empresas que realicen alumnos/as nos diferentes centros, servizos e oficinas da propia universidade.

#### SEGUNDA: NORMAS DE APLICACIÓN

As prácticas realizadas polo alumnado deberán axustarse á seguinte normativa:

- Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, sobre as directrices xerais comúns dos planos de estudos dos títulos de carácter oficial e de validez en todo o territorio nacional, modificado polo Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño.
- Real Decreto 1497/1981, da Presidencia do Goberno do 19 de xuño, sobre programas de cooperación educativa, modificado polo RD 1845/1994 do 9 de setembro do Ministerio da Presidencia.
- Normativa para a Libre Elección da Uvigo, aprobada pola Xunta de Goberno o 10 de febreiro de 2000.

#### TERCEIRA:SUXEITOS DAS PRÁCTICAS

Poderán participar nestas prácticas os alumnos/as de tódalas titulacións que imparta a Uvigo e que no momento de solicitálas teñan superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario das ensinanzas que estean a cursar, e que no momento da asignación non estean en disposición de obter a titulación. No caso de tratarse dos planos de estudos non renovados, os alumnos/as deberán atoparse matriculados nos dous últimos anos da carreira.

#### CUARTA:SELECCIÓN E PROCEDEMENTO

O Consello Social levará a cabo o rexistro e selección do alumnado que opte á realización das prácticas nos servizos centrais da Uvigo, ó abeiro da normativa que para os efectos aprobo o Consello Social para a realización destas prácticas.

A Xerencia da Uvigo será o órgano responsable da coordinación das prácticas e definirá os centros, departamentos, servizos e oficinas nos que os alumnos/as poderán realizar as prácticas así como o número de prazas, e designará un tutor/a en cada caso para a súa supervisión.

A Xerencia enviaralle as prazas ofrecidas ó Consello Social para que este lles realice a correspondente convocatoria ós centros. Esta oferta deberá conte-los seguintes requisitos:

1. Número de prazas por dependencia.
2. Titulación(s) requirida(s) para cada praza.
3. Dependencia(s) na(s) que se realizará as prácticas.
4. Duración (con data de inicio e fin) e horario da realización destas.
5. Titor(es)/a(s) responsables(s) por cada dependencia.

Os decanatos e direccións de centros poderán tamén levar a cabo o rexistro e selección de alumnos/as que opten á realización das prácticas no seu propio centro sempre que cumpran os requisitos estableblecidos na Normativa de Libre Elección da Uvigo. Neste caso, o procedemento que se debe seguir será establecido polo propio centro.

De conformidade co establecido na normativa na que se fundamentan estas prácticas, o período de realización non constitúe, baixo ningún concepto, relación laboral entre o alumnado e a Universidade de Vigo.

O alumno/a estará acollido durante o período de prácticas ó seguro escolar.

#### QUINTA:RECOÑECIMIENTO DAS PRÁCTICAS

A Normativa de Libre Elección da Universidade de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno o 10 de febreiro de 2000, no seu punto 3.2 explicita que as prácticas en empresas estarán dirixidas academicamente por un profesor/a e controladas mediante a presentación dunha memoria realizada polo alumno/a. O profesor/a certificará a realización destas actividades, o número de horas maila cualificación de apto ou non apto.

Os créditos que se recoñezan serán de libre elección e estarán en función do número de horas prácticas feitas polo alumno/a. De non especificarse outra equivalencia no correspondente plano de estudos, cada 30 horas serán equivalentes a 1 crédito, tendo en conta que o máximo de horas que poden recoñecer como créditos de libre elección por esta actividade será o indicado nos respectivos planos de estudos.

Para o recoñecemento dos créditos, o contido das prácticas deberá ser validado pola comisión do centro de que se trate, que informará ó vicerrectorado responsable das prácticas ás que se refire o presente regulamento.

A regulación no expediente académico será automática trala presentación da certificación na Unidade de Xestión Académica, sen resolución expresa e sen custo económico para o alumno/a.


SEXTA: COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Establécese unha Comisión de Coordinación das prácticas que se realicen nos servicios centrais que está formada por tres membros: un representante do Servizo de Alumnado, un da Xerencia e outro do Consello Social.

A Xerencia e mailo Consello Social instrumentarán, de común acordo, os mecanismos para a incorporación dos alumnos/as e para calquera outra cuestión necesaria para levar adiante esta xestión.

Dilixencia para facer constar que a "Normativa que regula a realización de prácticas na Universidade de Vigo, recoñecidas nos planos de estudos por parte dos alumnos/as da propia universidade", foron aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do 8 de marzo de 2001.

A Secretaria Xeral

The image shows a circular seal of the University of Vigo on the left, featuring a central figure and text around the perimeter. To the right of the seal is a handwritten signature in black ink.

Margarita Estévez Tozano